

PLENO

ACTA 2021/06 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 23/04/2021.

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 09:00 horas do día indicado comparecen:

- 1 Manuel Mirás Franqueira (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario do Concello D. Federico Suárez Cancelo, asiste igualmente o interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobar definitivamente o orzamento da Corporación correspondente ao exercicio 2021. (EXP. 2021/T004/000001), previa resolución das alegacións presentadas.

O Sr. Alcalde da por aberta a sesión pasándose a continuación ao debate e votación dos seguintes puntos da orde do día:

1.-Aprobar definitivamente o orzamento da Corporación correspondente ao exercicio 2021. (EXP. 2021/T004/000001), previa resolución das alegacións presentadas.

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER as seguintes reclamacións interpostas contra a aprobación inicial do orzamento correspondente ao exercicio 2021:

Número de Rexistro	Data de Rexistro	Interesado
2021000000004 90	23/03/2021	MIGUEL ANGEL AMENEIRO SANIN

PLENO

2021000000004 91	23/03/2021	Mª DEL CARMEN TOBIO MARTINEZ
2021000000005 05	24/03/2021	MIGUEL ANGEL SEOANE CASTROMIL
2021000000005 09	24/03/2021	MARIA LUCIA SUAREZ MATO
2021000000005 10	24/03/2021	MANUEL VEIRAS VILLAVERDE
2021000000005 11	24/03/2021	PABLO CASTRO FUENTES
2021000000005 26	25/03/2021	MARCOS OTERO BOUZON
2021000000005 48	26/03/2021	JUAN LUIS BOTANA MOSQUERA
2021000000005 53	29/03/2021	ALVARO VARELA RIVERO
2021000000005 54	29/03/2021	JOSE ALONSO TOLEDO GARCIA
2021000000005 67	30/03/2021	MARGARITA MARTINEZ CASTRO
2021000000005 68	30/03/2021	MARIA AMELIA RENDO CARNEIRO
2021900000005 99	13/04/2021	FEDERACION EMPLEADOS PUBLICOS U.S.O.
2021999000004 66	26/03/2021	RUBEN RUBIO FIDALGO
2021999000004 68	27/03/2021	MARCOS CELA SANTOS
2021999000004 70	27/03/2021	FATIMA MARIA GARCIA DOVAL

E DE VER o informe da secretaría municipal de data 14 de abril sobre as alegacións presentadas.

E DE VER o informe de intervención de data 14 de abril sobre as alegacións presentadas no que propón a desestimación das mesmas por non axustarse a ningún dos motivos previstos no artigo 170.2 TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais.

No uso das atribucións que me confire o artigo 21 da lei reguladora das bases do réxime e 169 TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais,

Propónse ao pleno da corporación, previo ditame favorable da Comisión Especial de Contas, a adopción do seguinte acordo:

PLENO

1º) A desestimación das reclamacións expostas contra a aprobación inicial do orzamento do exercicio 2021 polas razóns contidas no informe da intervención municipal de data 14 de abril de 2021.

2º) A aprobación definitiva do orzamento e bases de execución correspondente ao exercicio 2021.

3º) A publicación no BOP do resume por capítulos do estados de gastos e ingresos e a cadro de persoal.

4º) A remisión da copia do expediente á Administración Xeral do Estado e a comunidade autónoma.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que en relación ás alegacións presentadas polos veciños de Portoavieira, xa falamos aquí que eles sabían o que mercaban pero tamén o promotor sabía o que vendía, realmente existe un fin deferente para o que se venderon. Por parte do Concello se ten que buscar o interese xeral non so o interese público e a realidade é que o uso real das vivendas non está sendo turístico. Considera que si existira unha demanda maioritaria dos veciños, non como agora nestas alegacións, se tería que ter en conta polo Concello. En canto ás alegacións do sindicato van dar que falar delas nos próximos días.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que a ignorancia e a demagogia é atrevida. O Plan Parcial de Portoavieira foi aprobado no ano 1982. Considera que D. José Manuel Mirás Pulleiro fai un totum revolutum e mestura todo. Non di que o cambio de uso non se poda facer pero vostedes levantan a lebre pedindo un pleno extraordinario para falar disto. Quen aproba o PXOM é a Xunta de Galicia e xa está falado este tema coa Xunta de Galicia e se tería que buscar unha alternativa de solo para que se puidera cambiar o uso. Coa mentira e a demagogia non se vai a ningún lado e vostede é un mentireiro.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que en relación á alegación presentada polo sindicato, seguimos opinando que non se sabe moi ben de que lado está este sindicato porque pouco favor lle fan aos traballadores do concello. En canto ás alegacións dos veciños consideramos que se tería que mirar a posibilidade de arranxar a situación, porque si é certo que sabían ou debían saber o que comproban pero moitos deles non tiñan coñecemento do que supoñía e tampouco os bancos naquela época poñían os problemas que poñen agora e os requisitos para conceder unha hipoteca. Respecto a si se estaría ante un interese particular entendemos que afecta a un colectivo moi importante. Non negamos para nada que cando se fixera polo Concello fora plenamente legal pero entendemos que se tería que buscar unha alternativa e ao final regularizar unha situación que xa non se está a dar xa que non se están utilizando realmente como vivendas turísticas.

PLENO

O Sr. Alcalde insiste en que os propietarios sabían o que mercaban, cando se va á notaría o notario le integramente a escritura. O promotor e os propietarios sabían que iso eran apartamentos turísticos. Tampouco podemos ter a culpa de que agora os bancos cambiaran as condicións para a concesión de hipotecas. En todo caso non falo de facer as cousas por detrás e podíamos facultar a D. Alexander Doval Expósito para que busque dous ou tres informes que avalen a posibilidade de eliminar alí o uso turístico sen mais en permutalo por outra zona. Pero informes que estean fundamentados e que non sexan palla. Afirmo que o seu grupo de goberno non pretende prexudicar a ninguén pero que antes de facer algo temos que estar xuridicamente moi seguros.

En todo caso, a alegación carece de sentido porque xa din os informes dos funcionarios do Concello que existiría partida no orzamento no caso de que existira vontade de modificar o PXOM. En todo caso considera que a alegación está instigada pola oposición e que retrasar a aprobación do orzamento por unha alegación así non ten sentido.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que levamos un bo rato falando de Portoavieira e parece que o pleno se fixo sobre este tema e non é así. Vostedes mesmos recoñeceron que tal e como di o Secretario a alegación non procede porque no orzamento xa existe partida. Parece que hai un interese en falar disto e non dos orzamentos. Aínda recoñecendo que a alegación non ten sentido non teñen a valentía de apoiar os orzamentos.

D. Alexander Doval Expósito (PP) falamos disto porque son as alegacións que se presentaron en relación ao orzamento xa falamos cando se trouxo a aprobación inicial e non imos a votar a favor nunca dun orzamento que manteña o ingreso por plusvalía como xa dixemos noutras ocasións.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: seis (4 do PP e 2 de OR) adopta o seguinte acordo:

1º) A desestimación das reclamacións expostas contra a aprobación inicial do orzamento do exercicio 2021 polas razóns contidas no informe da intervención municipal de data 14 de abril de 2021.

2º) A aprobación definitiva do orzamento e bases de execución correspondente ao exercicio 2021.

3º) A publicación no BOP do resume por capítulos do estados de gastos e ingresos e a cadro de persoal.

PLENO

4º) A remisión da copia do expediente á Administración Xeral do Estado e a comunidade autónoma.

E non sendo outro o obxecto da presente sesión o Sr. Alcalde da por rematada a mesma levantándose a sesión cando son as 9:17 horas do día sinalado ao comezo da presente acta que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e praxe do Sr. Alcalde – Presidente.

O Alcalde – Presidente.
Manuel Mirás Franqueira

O Secretario.
Federico Suárez Cancelo.